# OS RÉXIMES DEMOGRÁFICOS*



**ABAU:Exercicio práctico: Gráfica da transición demográfica en España.**
**ABAU:Exercicio teórico: “Dinámicas demográficas actuais”**

- Desequilibrios territoriais no movemento natural da poboación.
- Movementos migratorios (1990 á actualidade)





R. Dem. Antigo
Transición demográfica
R. Dem. Moderno
Involución demográfica
40‰
30‰
20‰
10‰
0‰
Tasa de natalidad
Tasa de mortalidad
Crecimiento natural
Decrecimiento natural
Población total

Atendendo aos documentos, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

**a)** Identifique as figuras 1 e 2 (1 punto).

**b)** Cite cinco provincias cun saldo vexetativo entre -0,1 e -1,99 ‰ (1 punto).

**c)** Explique os tipos de réximes demográficos que pode distinguir na figura 1 (1 punto).

**d)** Sinale catro causas que expliquen o último réxime demográfico representado na figura 1 (1 punto).

**Selectividade: Ex. práctico:**

**Xuño 2017 - Opción- A**







http://ciug.gal/docs/probas/2017/ABAU_2017_Xeografia.pdf

# Réxime demográfico antigo: ata principios do s. xx



• **Nat. alta**: ±35‰ a principios do s.XX

- Non métodos anticonceptivos eficaces…

- Sociedade rural: fillos = axuda…

- Elevada mortalidade infantil…







• **Mort. alta e oscilante**: ±25‰ a principios do s.XX (en descenso nas útimas décadas s.XIX)

- Baixo nivel de vida: dieta escasa e desequilibrada…

- Escasos recursos médicos…

- Precarias condicións hixiénicas …

**Fame + falta de hixiene + falta de asistencia médica**

- **Esperanza de vida** moi baixa: ± 35 anos.




-Alta mortalidade, sobre todo a infantil: ±190‰




- De cando en vez se producen momentos de **sobremortalidade**:

Guerras
Epidemias
Malas colleitas

} *Crise de subsistencia*

Pode supoñer que a mortalidade supere á natalidade: ***crecemento natural negativo***.





**Natalidade alta**
**e**
**Mortalidade alta**

## • Crecemento natural moi baixo

- Preto de 1% en 1900, pero inferior en décadas anteriores.

- **Incluso negativo** en momentos de sobremortalidade.

## • O crecemento real era todavía máis baixo

- Nas últimas décadas do s.XIX é moi importante a emigración cara a América latina, o que supón unha importante perda de poboación en España.






***"Entre 1891 e 1915 máis de 650000 españois emigraronn a América latina"***

# Transición demográfica

**1900-1975** + tarde, pero + intensa que noutros países europeos









- <u>**1º terzo do s. XX**</u>

<u>**Nat. descende lixeiramente**</u>: desde ±35‰ ata ± 27‰

- Inicio proceso industrialización e urbanización supón un descenso da nat. pois a vida na cidade é máis cara…

-Descenso marcado en 1918: epidemia de gripe…

<u>**Descenso da mort.**</u>: desde taxas >25‰ ata 16-17 ‰

-Debido ás melloras no nivel de vida: mellor alimentación, mellores condicións hixiénicas e sanitarias…

-O descenso é sobre todo importante na mort. infantil

-O descenso da mort. vese interrumpido pola epidemia de gripe de 1918…




**A esperanza de vida** aumenta: preto 49-50 anos

**Crecemento natural**:

-Serán anos de certo crecemento, arredor do 1%, só interrumpido polo crec. negativo no momento da epidemia de gripe.

**O crecemento real** será inferior, pois seguen a ser anos de forte emigración transoceánica.





Equipaxe para A Habana, porto de A Coruña, 1925

***“A Primeira Guerra Mundial matou a preto de 21 millóns de persoas en catro anos, a gripe de 1918 fixo o mesmo nos catro meses seguintes á súa aparición!. En España provocou a morte de case 160000 persoas, só en decembro dese ano morreron 40000.”***






• **<u>Anos da Guerra Civil: 1936-39</u>**

**<u>Nat. sofre brusco descenso</u>**: desde ±27‰ ata ± 16,5‰

- Matrimonios pospostos, separados…

- Esa subnatalidade coñécese como *<u>xeracións ocas…</u>*

**<u>Aumento da mort.</u>**: desde taxas ± 16‰ ata ± 18 ‰

- A sobremortalidade debida ao conflito bélico afecta sobre todo ao sector masculino da pob. nova.




**<u>A esperanza de vida</u>** aumenta a pesar do conflito para as mulleres, pero no caso dos homes descende lixeiramente.

**<u>Crecemento natural</u>**:

-Será negativo neses anos, debido especialmente ao importante descenso da natalidade.




***Entre os mortos en combate ou nos bombardeos, a represión posterior, a fame e a miseria, os exiliados e os non nacidos, España perdeu máis de un millón de habitantes.***

# • Anos posteriores á Guerra Civil: ata ± 1965

**Mort. descende ata chegar a ser baixa**: desde ± 18 ‰ ata 9‰ en 1963.

- Grazas aos avances médicos e sanitarios: vacinas, antibióticos, que permiten reducir as enfermidades infecciosas, partos en clínicas…

- Progresivo aumento do nivel de vida tras os anos da posguerra: mellora na dieta, supérase a malnutrición…

-Aumento do nivel educativo e cultural: melloras hixiénicas, prevención…

- É sobre todo importante o descenso da mortalidade infantil: 1940: 125‰ – 1960: 43‰










**A esperanza de vida** aumenta grazas a todas esas melloras e no ano 1960 xa é superior aos 70 anos para as mulleres españolas.

**“HA SIDO CREADA LA PRIMERA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA DE LA LUCHA CONTRA LA POLIOMIELITIS”.**

Dicía un titular do diario ABC en xuño de 1963.

Entre 1955 e 1961 houbo máis de 11000 enfermos de polio no noso país.











## Natalidade:

-A recuperación da nat. tras o conflito só foi puntual nos anos 1940-41.

-A tardanza en recuperar a estabilidade débese á situación de crise, miseria, fame… nos anos da posguerra, agravadas pola política autárquica do réxime franquista.




**Esperando o turno!**






-A **recuperación da natalidade empeza a notarse desde mediados da década dos 50**:

- mellora da situación económica, tras o final da autarquía…
- política pronatalista do franquismo: prohibición de métodos anticonceptivos, premios ás familias numerosas...

**"baby boom retrasado"**

A natalidade estabilízase desde ½ dos anos 50 por riba do 20‰, mantendo esa taxa ata ben avanzada a década dos 60.






HAN SIDO OTORGADOS LOS PREMIOS NACIONALES DE NATALIDAD

El primero, de hijos vivos, a un matrimonio de La Coruña, que tiene 19

MADRID, 18. (Cifra.)--Los premios nacionales de natalidad correspondientes a 1959, han sido otorgados, por el Instituto Nacional de Previsión en la siguiente forma:

de La Coruña, que tienen diecinueve hijos vivos.

Segundo premio nacional, de veinticinco mil pesetas, a don Angel Prendes Hevia, casado con do-

# Exemplo de familia numerosa na España de mediados dos 50





E a familia continúa...

**O crecemento natural** recupérase tras a posguerra e chega a ser superior a 1% desde mediados dos 50, dando lugar ás xeracións máis grandes de toda a Historia de España, superándose os 30 millóns de habitantes.

Pero o **crec. real é menor**, xa que os anos 50 e 60 son anos de forte emigración a Europa…










Guia de la buena esposa
11 reglas para mantener a tu marido feliz
Sé la esposa que él siempre soñó


Una buena esposa siempre sabe cual es su lugar




Hazlo sentir a sus anchas
Extra!
Deja que se acomode en un sillón o se recueste en la habitación.
Ten una bebida caliente lista para él. Arregla su almohada y ofrece quitarle sus zapatos.
Habla con voz suave y placentera


TRANSICIÓN DEMOGRÁFICA
2
Desciende la natalidad
Crecimiento natural débil
Sube la esperanza de vida
Poblaciones en proceso de envejecimiento




• **<u>Finais anos 60 e principios anos 70</u>**

**<u>Mort. mantense en taxas baixas</u>**: ± 8 ‰

- Grazas ao adecuado sistema sanitario, que vai cubrindo a toda a poboación…

- Nivel de vida considerable…

-A mortalidade infantil segue descendendo: 1960: 43‰, 1970: 24‰

**<u>A esperanza de vida</u>** segue a aumentar grazas a todas esas melloras: ± 70-75 anos…






**<u>Nat. empeza liña descendente</u>**: de taxas superiores a 20‰ a ± 19‰ en 1973.

- Son anos de import. emigración exterior a Europa: matrimonios separados, nenos nacen noutros países…

- Son anos de forte proceso de industrialización e urbanización en España: éxodo rural: a vida na cidade é máis cara, fillos = gastos…

- A partir de 1973: forte crise industrial: problemas de paro… evitar fillos!





**<u>O Crecemento natural</u>** comeza a descender, situándose preto de 1%. <u>O **crec. real**</u> será máis reducido, pois seguen a ser anos de forte emigración exterior…